

## **MOCIÓN DE AER SOBRE O PATIO CUBERTO NO COLEXIO SANTA MARIÑA**

PLENO 27 OUTUBRO 2011. ACTA 20/2011

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

De todos é sabida a problemática do Colexio de Santa Mariña respecto da falta dun patio cuberto; isto impide, nos días de choiva saír os estudantes de terceiro, cuarto, quinto e sexto curso ao recreo. Así mesmo, cando dúas clases de educación física coinciden no pequeno ximnasio do centro, unha delas ten que realizar a actividade no patio. Se chove eses alumnos quedan sen realizar a actividade.

No pleno do pasado 22 de febreiro aprobouse unha moción do BNG para **“esixir á Consellería de Educación que concretara os prazos e orzamentos para a construción dun patio cuberto no Colexio de Educación Primaria Santa Mariña de Redondela”**. A día de hoxe non sabemos se tales prazos e orzamentos están adxudicados.

No mesmo pleno rexeitouse outra moción do PP na que solicitaba **“que o Pleno do Concello habilítase unha partida orzamentaria co fin de realizar a instalación dun patio cuberto”** no mesmo centro educativo. Tampouco sabemos se a intención da actual corporación e seguir por ese mesmo camiño.

Oito meses despois do nomeado pleno non vemos avance ningún e os rapaces do centro seguen carentes desta dotación.

No mes de maio pasado o señor Bas, por entón candidato, declaraba, nunha entrevista chat no Faro de Vigo **“mientras BNG y PSOE están de brazos cruzados, nosotros ya hemos comenzado las negociaciones pertinentes para solucionar el problema del patio cuberto”**. O mes pasado aínda andaba de reunións, pero descoñecemos o contido das mesmas. Tamén comentou que **“ni Bloque ni PSOE fueron capaces de solucionar el problema ni cuando gobernó el bipartito en la Xunta”**. Entendemos que sendo o PP quen goberna tanto na Xunta como en Redondela seralle a vostede máis doado.

No mes de xaneiro a Consellería de Educación non tiña cartos para investir en Redondela no ano 2011. No mes de marzo segundo a mesma Consellaría a obra non era prioritaria. Nestas datas a Xunta ten que preparar os orzamentos do próximo ano, podería ser que algo nos puidesen asignar.

### **PROPOÑEMOS**

**Que tódolos grupos da corporación expresen abertamente a súa posición respecto da construción do patio cuberto, entendendo que todos queremos que se constrúa, que igan ata que punto están dispostos a ceder para que así sexa. Dende AER cremos que debería ser a Xunta de Galicia quen costease totalmente a obra, pero entenderíamos un financiamento parcial por parte do Concello.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

Sometido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, sendo vinte e un votos a favor ( 10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER), acordou aprobar a moción nos antecedentes transcrita, solicitando da Xunta de Galicia que inclúa no orzamento de 2012 a consignación necesaria para a construción do patio cuberto no colexio de Santa Mariña de Redondela.